SETEMBRO DE 2023 | NÚM. 81

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.
Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

**Unidade de Igualdade**
Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

# CONTIDO

AXENDA .... 3
FORMACIÓN .... 3
CONGRESOS E SEMINARIOS .... 4
CONVOCATORIAS .... 5
SUXESTIÓNS .... 7
RECURSOS .... 11
NOVAS .... 14
DATOS .... 14
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .... 15

# SETEMBRO

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 35 | 28 | 29 | 30 | 31 | 1 | 2 | 3 |
| 36 | 4 | 5 Día Internacional das Mulleres Indíxenas | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 37 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 38 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23* Día Internacional da Bisexualidade | 24 |
| 39 | 25 | 26 | 27 | 28 Día de Acción por un Aborto Legal e Seguro | 29 | 30 | 1 |

## AXENDA

### Xornadas de benvida 2023/2024

5 de setembro, de 10:00 a 14:00 h, na Escola de Enxeñaría Forestal do Campus de Pontevedra.

6 de setembro, de 10:00 a 14:00 h, no pavillón universitario do Campus de Ourense.

7 de outubro, de 10:00 a 14:00 h, no pavillón de deportes do Campus de Vigo.

A Unidade de Igualdade participará nos tres campus.

### Ciclo de conferencias «A fenda de xénero dixital: construíndo a internet e as relación sociais dende o empoderamento feminino»

20 de setembro, 13:00h. Laura Castro. «IAS xenerativas e nesgos de xénero».

10 de outubro, 12:00h. Alba Pato. «Visibilidad y Empoderamiento: Feminismo en la Fotografía de Producto y Diseño Web»

18 de outubro, 13:00h. Xiana Vidal. «Obradoiro de memes feministas»

24 de oububro, 12:00h. Sabela Muñiz. «Deseño web dende unha ollada feminista»

15 de novembro, 13:00h. Teresa Piñeiro. «Disfuncións da comunicación dixital. Unha cuestión de xénero»

## FORMACIÓN

### Curso: Igualdade de xénero nas relacións laborais. Plans de igualdade e outras ferramentas +Info

Formación presencial de 150 h Preinscrición aberta ata o 4 de setembro.

### Experta/o en Violencia de Género e Igualdad +Info

Título da Universidad de Huelva en modalidade híbrida. O período de preinscrición remata o 15 de outubro.

No Boletín núm. 78, do mes de xuño, incluímos unha listaxe actualizada con toda a formación universitaria en Estudos de Xénero e Igualdade que está dispoñible para consulta.

## CONGRESOS E SEMINARIOS

### Women in Games +Info

Conferencia anual en liña o 20 de setembro.

### XIV Congreso de la Sociedad Española de Fenomenología (SEFE): Fenomenología, feminismo e intersubjetividad +Info

27, 28 e 28 de setembro de 2023. Sede Escuelas Pías de UNED Madrid.

### Congreso internacional Igualdad, ciencia y tecnología; por un cambio de paradigma +Info

Organizado por Emakunde-Instituto Vasco de la Mujer os días 23 e 24 de outubro no Palacio Miramar de Donostia.

### II Conferencia para acabar con las violencias de género en la academia +Info

O 23 e 24 de outubro en Bilbao terá lugar este encontro organizado polo Ministerio de Universidades con motivo de la presidencia española do Consello da Unión Europea, coa colaboración do proxecto UNISAFE. O proceso de inscrición publicarase no mes de setembro.

# CONVOCATORIAS








## Monográfico «Corporalidades: diálogos en torno a sujeto y género». Clepsydra: Revista Internacional de estudios de género y teoría feminista +Info

Recepción de orixinais ata o 1 de setembro de 2023.

## Cuarto Congreso Internacional «Género y sexualidad en las culturas hispánicas Masculinidades disidentes» +Info

Recepción de propostas ata o 10 de setembro de 2023.

## Gender On Digital. Journal of Digital Feminism +Info

A Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo pon en marcha unha nova revista científica. O seu obxectivo é construír un espazo de reflexión científica crítica (e, polo tanto, feminista) en torno as transformacións sociais tras a irrupción das novas tecnoloxías da comunicación e a dixitalización de todas as esferas da vida.
O primeiro número, que sairá a finais de ano, ten aberto o prazo para presentar artigos en torno ao tema Sociedade dixital e nesgos de xénero ata o 11 de setembro.

## Licitación do EIGE +Info

Convocatoria aberta ata o 11 de setembro para seleccionar unha proposta para a sexta revisión a escala da UE da implementación da Plataforma de Acción de Beijing: Beijing+30.

## VII Premio de investigaciones feministas en materia de igualdad. Cátedra sobre Igualdad y Género +Info

Convocatoria do Instituto Aragonés de la Mujer e a Universidad de Zaragoza, a través da Cátedra sobre Igualdad y Género. Prazo de presentación, de traballos inéditos e orixinais, ata o 15 de setembro.

## I Congreso Internacional sobre Estudios Africanos y Decoloniales: aportes para la deconstrucción del pensamiento académico +Info

Poden presentarse resumes de propostas ata o 15 de setembro.

## V Premio Alicia Herrera artículos jurídicos mujer y derecho +Info

Prazo de presentación até o 20 de setembro de 2023.

**Xénero, Traballo e Organización. 14ª Conferencia Internacional Interdisciplinar** +Info

O tema desta edición é: Imaxinando intercambios de coñecemento descolonizados: Abrazar a Xustiza, a Equidade, a Diversidade e a Descolonización, Inclusión e Camiño da Indixenización (JEDDII). A convocatoria para recibir propostas péchase o 25 de setembro.

**Premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero no TFG, TFM e teses de doutoramento da Universidade de Vigo, 2022/2023** +Info

**Premios GIRLGEEKPOWER da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, 2023/2024** +Info

**V Edición do Seminario Internacional de Investigadorxs Feministas na UCM. Novembro Feminista** +Info

Pódense enviar propostas ata o 30 de setembro.

**VIII Edición do Concurso de Fotografía e da IV Edición do Concurso de Vídeo Generosidad 'Yo decido'** +Info

Haberá tres premios para cada unha das categorías de fotografía e vídeo que están dotados economicamente. Ademais, o xurado poderá realizar mencións especiais para outras obras de especial interese. O prazo de presentación remata o 30 de setembro.

Número especial da revista **Papeles del CEIC. Por que a socioloxía cuantitativa debe saír dos armarios?** +Info

Aberta a recepción de artigos ata o 30 de setembro de 2023.

**Premio de Investigación Feminista Generosidad** +Info

Recoñecemento de 3 000 euros para investigacións científicas no ámbito das ciencias sociais e humanas, así como estudios multidisciplinares que fagan unha aportación meritoria á igualdade das muellres por razón de xénero, discapacidade e dereitos humanos. Presentación ata o 30 de setembro.

**VIII Edición do Concurso de Fotografía e IV Edición do Concurso de Video Xenerosidade «Yo decido». Fundación Cermi Mulleres** +Info

O prazo de presentación de obras finaliza o 30 de setembro de 2023.

**Bolsas Santander Estudos/Equality** +Info

Axudas ao estudo de dous anos para mulleres cun bo expediente académico que queren realizar estudos universitarios nalgunha das universidades adheridas á CRUE. O prazo remata o 5 de outubro.

**VIII Congreso Economía Feminista** +Info

Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

**Científicas e innovadoras** +Info

## SUXESTIÓNS


SALMA
PAREDES
ALBA
MARIONA
ATHENEA
AITANA
ESTHER
ONA
¡CAMPEONAS DEL MUNDO!
MISA
IVANA
ALEXIA
JENNI
LAIA
NAVARRO
OLGA
TERESA
CATA
ZORNOZA
OIHANE
ROCIO
MARIA
GUERRERO
ENITH
VISA
marrazketabar®





THE

British Ladies' Football Club.

President—LADY FLORENCE DIXIE.

THE FIRST LADIES'

FOOTBALL MATCH

(NORTH v. SOUTH)

Saturday, 23rd March, 1895,

CROUCH END ATHLETIC GROUND,

NIGHTINGALE LANE, HORNSEY.

KICK OFF 4.30.

The Ladies' Match will be preceded by

CROUCH END v. 3rd GRENADIER GUARDS,

KICK OFF 3 O'CLOCK.

Admission (including both Matches) 1s.

Covered Stand, 1s. extra.

Footballs by COOK. Caps by J. E. RAISIN, of Stroud Green Road.

Imaxe do British Ladies Football Club e o anuncio para dar a coñecer o primeiro partido feminino da historia.

Segundo a documentación que se conserva o inicio do fútbol feminino foi en 1894 cando Nettie Honeyball - seudónimo utilizado por unha activista polos dereitos das mulleres- fundou o primeiro club deportivo chamado British Ladies Football Club.

En 1894, a tamén xogadora, publicou un anuncio nun xornal no que buscaba mulleres interesadas en unise a un equipo, ao que responderon unhas trinta mulleres. O primeiro partido do BLFC tivo lugar en 1895.

Coa suspensión da liga masculina durante a I Guerra Mundial o número de equipos e a popularidade do fútbol feminino creceu considerablemente.





*Á esquerda, Nita. Á dereita, a xogadora disfrazada de home entre os seus compañeiros.*

No caso español parece que unha das primeiras mulleres en xogar nun equipo puido ser a malagueña Ana Carmona Ruiz (1908-1940), coñecida como Nita. Aínda que, para poder facelo, tivo que facerse pasar por home e empregar o alcume «Veleta», como moitas outras pioneiras noutros ámbitos.

Nita xogaba desde moza nunha explanada da súa cidade e daí puido infiltrarse no Sporting de Málaga e no Sporting Vélez CF, co apoio de homes como o párroco galego Francisco Míguez Fernández.

Na ditadura de Primo de Rivera pasou a prohibirse as mulleres participar en competicións masculinas polo que a xogadora, denunciada en varias ocasións, recibiu varios castigos por alteración da orde pública: rapáronlle o pelo, sufriu arresto domiciliario e mesmo foi encarcerada. Tamén recibiu ataques misóxinos de afeccionados que lle tiraban pedras ou a agredían cando descubrían que era unha muller.



Irene González Basanta en 1925.

Esta xogadora comparte o lugar de pioneira coa coruñesa Irene González Basanta (1909-1928). Irene xogou en competicións infantís como delanteira centro e, despois, fundou o seu propio club, o Irene C.F., do que foi a porteira e capitana e onde xogaba con homes. No ano 1925 organizou un campionato de fútbol no que participaron 18 clubs. Tamén interviu en varios encontros amistosos por Galicia. Tivo que apartarse do fútbol cando enfermou de tuberculose e fixéronse colectas entre a afección e disputáronse partidos benéficos para apoiala.

Coa chegada da Segunda República impulsouse o deporte feminino o que facilitou que xurdiran asociacións deportivas femininas. Este avance

foi truncado coa chegada da ditadura franquista e houbo que esperar ata a década de 1970 para que aparecesen os clubs femininos.

Nos anos 1970 e 1971, tiveron lugar os mundiais extraoficiais femininos en Italia e México, ningún deles recoñecido pola FIFA, que organizou por fin o primeiro en 1991. As españolas non puideron participar en México (1971) porque, a pesar de teren sido convidadas polos seus bos resultados, a Real Federación Española de Fútbol presidida por José Luis Pérez Paya negouse a recoñecer o fútbol feminino ata 1983. O primeiro partido que xogou oficialmente a selección feminina foi contra Portugal e celebrouse en A Guarda o 5 de febreiro de 1983.



*Selección española feminina non oficial de 1971*

Esta longa traxectoria de reticencias e bloqueos non puideron parar a práctica do fútbol feminino que seguiu avanzando nos seguintes anos.

A loita pola igualdade no fútbol continuou e, na década de 2010, o documental *Cuestión de pelotas* (Arantxa Echevarría, 2010) facíase eco da denuncia das xogadoras que non podían dedicarse a este deporte profesionalmente en España. Pese á súa dedicación, a propia federación, de novo, impedía regularizar a súa situación laboral ao negarlles o acceso á licencia profesional. Nesa época tamén se comezou a reclamar a súa inclusión na Quiniela ou ter maior visibilidade na televisión pública.

Nos últimos tempos outros traballos puxeron o foco noutros aspectos da desigualdade á que se enfrontan as xogadoras, como o documental *LFG* (Andrea Nix Fine e Sean Fine, 2021) -acrónimo da expresión «Let's fucking go!»- que fan un seguimento da demanda colectiva por

discriminación de xénero salarial que interpuxeron un grupo de xogadoras contra a Federación de Fútbol de Estados Unidos.

O libro *No las llames chicas, llámalas futbolistas* (2021) da xornalista Danae Boronat e o documental *Romper el silencio. La lucha de las futbolistas de la selección* describe a loita de dúas xeracións de xogadoras españolas apoiadas pola presidenta do fútbol feminino, Teresa Andreu. Segundo os seus testemuños, moitas deixaron de xogar na selección polo trato do seleccionador Ignacio Quereda, a quen a federación mantivo no cargo a pesar das queixas das xogadoras, entre 1988 e 2015, cando as xogadoras conseguiron forzar a súa dimisión. No ano 2022 quince xogadoras enviaron unha mensaxe simultánea á RFEF renunciando a xogar na selección debido ao seu malestar co novo seleccionador, Jorge Vilda.

A pesar das dificultades, desde o pasado 20 de agosto celebramos o recoñecemento e a visibilidade do fútbol feminino en España ao gañar o seu primeiro mundial na categoría absoluta. Unha selección que ten conseguidos 14 títulos internacionais en distintas categorías de idade, incluíndo a Eurocopa de fútbol sala de 2019 ou as catro Eurocopas e os dous Mundias da exitosa categoría sub-17.

As 23 xogadoras que conseguiron este fito completan a tripla coroa do fútbol feminino, xa que son as actuais campioas en categoría sub-17 e sub-20, o que augura que continuarán os éxitos do fútbol feminino español.



*Grupo da actual selección absoluta, campioas do mundo.*

Con todo, hai que lamentar o vivido pola xogadora Jennifer Hermoso durante a celebración da vitoria, cun comportamento totalmente inaceptable por parte do presidente da federación española, agora suspendido temporalmente pola FIFA.





A xogadora Jennifer Hermoso e dúas das integrantes do San Diego Wave que se solidarizaron coa xogadora.

Estes actos televisados están a permitir denunciar e dar visibilidade á violencia sexual que viven as mulleres e están dando lugar a unha potente onda de apoio que vai, desde as súas propias compañeiras, a xogadoras de equipos internacionais, afección e equipos masculinos, figuras públicas e unha gran maioría da sociedade. As 23 xogadoras, xunto a outras 58 futbolistas, publicaron un comunicado a través do seu sindicado FutPro no que renuncian a ir á selección mentres continúen os actuais directivos da RFEF e 11 integrantes do equipo técnico puñan os seus cargos a disposición da federación en apoio as xogadoras.

#acobouse #seacabó

## RECURSOS

**Comprender a violencia económica contra as mulleres: a necesidade de definicións e datos harmonizados na UE** (EN) +Info

**Woman's Art Journal**, Primaveira/Verán 2023 Vol 44 #1 (EN) +Info

**Como séculos de sexismo excluíron ás mulleres da ciencia e como restablecer o equilibrio** (EN) +Info

**A anonimización dual produce resultados prometedores para reducir os nesgos de xénero: un experimento de campo naturalista de aplicacións para o tempo do telescopio espacial Hublle** +Info

Un artigo de Stefanie K. Johnson e Jessica F. Kirk amosa como a anonimización da información, como o sexo, de quen solicita subvencións reduce os nesgos de xénero, especialmente nos revisores masculinos, que tenden a valorar as mulleres solicitantes significativamente peor que os homes.

**Mellorar a recompilación e o uso de datos administrativos sobre violencia contra as mulleres. Directrices técnias globais** (ES/EN) +Info

**Real decreto polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso aos ditos corpos** +Info

**Equidade para as mulleres na ciencia. Desmantelando as barreiras sistémicas ao avance** (EN) +Info

Este traballo de Cassidy R. Sugimoto e Vincent Larivière é a primeira análise empírica a gran escala da fenda de xénero na ciencia, que mostra como a estrutura do traballo científico e as recompensas -publicacións, citas, financiamento- dificultan sistematicamente o avance profesional das mulleres. Aquí podes ler unha reseña do libro.

**Informe con recomendacións á Comisión sobre a definición fa violencia de xénero como novo ámbito delitivo recollido no artigo 83.1 do Tratado de Fundación da Unión Europea** +Info

**Barreiras e asistencia para mulleres líderes na academia no ámbito CTEM nos Estados Unidos** (EN) +Info

**Non só para os rapaces Por que necesitamos máis mulleres na ciencia** (EN) +Info

**Informe de políticas sobre a economía violeta/Cuidados +** (EN) +Info

**Visibilidade e recoñecemento das científicas estadounidenses** +Info

**Estudo multipais da ONU sobre os homes e a violencia: Estudo multipais das Nacións Unidas sobre os homes e a violencia en Asia e o Pacífico. Conxunto de datos** +Info

**Mulleres na política: 2023** +Info

Mapa da Unión Interparlamentaria (UIP) e ONU Mujeres que presenta os datos sobre mulleres en postos executivos e parlamentos nacionais a 1 de xaneiro de 2023.

**Gravación de «Cóntancho as matemáticas: Maryam Mirzakhani e Ixchel D. Gutiérrez** +Info

Proxecto educativo, deseñado desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo, co obxectivo de estimular as vocacións matemáticas entre o estudantado de Educación Primaria y primeiros cursos de Educación Secundaria.

**Informes Mujeres Investigadoras da Comisión de Mujeres y Ciencia del CSIC** +Info

**Índice de Normas Sociales de Género. Informe do Programa das Nacións Unidas para o Desarrollo (PNUD)** (EN) +Info

**As mulleres no liderado enfróntanse ao edadismo en todas as idades**( EN) +Info

**Amplificación das desigualdades: percepcións de xénero sobre a flexibilidade laboral e a división do traballo doméstico durante a pandemia de COVID-19** (EN) +Info

**Documental Manipulación: Sexo, cámara, poder** (Nina Menkes, 2022)

**Impacto do COVID-19 na igualdade de xénero na investigación e innovación** (EN) +Info

**Violencia institucional contra las madres y la infancia. Aplicación del falso síndrome de alienación parental en España** +Info

**Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos** +Info

**Abordar a igualdade de xénero na investigación e a innovación** (EN) +Info

**Os científicos con varias subvencións dos NIH (Institutos Nacionais de saúde) son na súa maioría homes e brancos** (EN) +Info

**Guía Sexualidades en clave cultural** +Info

**Revista de Género e Igualdad iQual, nº 6, febreiro 2023** +Info

**Comprender a violación na Unión Europea: a necesidade esencial da recollida de datos administrativos** (EN) +Info

**Gravacións da xornada final de difusión: Promoción e implementación da dimensión de sexo e xénero na investigacion do proxecto europeo GENDER-NET Plus- Promoting gender equality in H2020 and the ERA** (EN) +Info
Sesión 1: Mellorar a atención as persoas en situación de vulnerabilidade
Sesión 2: Creación de políticas contra a violencia de xénero
Sesión 3: Desentrañar a dimensión sexo/xénero da saúde/medicina
Sesión 4: Abordar os roles de xénero

**A necesidade de acabar coa ciberviolencia- Entrevista á experta Eleonora Esposito.** Episodio do podcast *WAVE - Women against Violence Europe* (EN) +Info

**Gravación de «Cóntancho as matemáticas: Emmy Noether y Olga Pérez»** +Info
Proxecto educativo, deseñado desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo, co obxectivo de estimular as vocacións matemáticas entre o estudantado de Educación Primaria y primeiros cursos de Educación Secundaria.

**As mulleres xa eran desiguais no mundo da saúde global. A pandemia agravouno** (EN) +Info

**Informe «Voces científicas en femenino. La mujer y la niña en la ciencia española, europea y global. » 2023** +Info

## NOVAS

**«Levamos demasiado tempo en silencio»: as xogadoras de xadrez denuncian o comportamento machista** (EN) +Info

**Acoso e agresión sexual nas estacións científicas da Antártida** (ES) +Info

**20 fendas entre mulleres e homes: dos coidados ao traballo, a masturbación e o nivel de felicidade.** Un estudo con 2 000 entrevistas analiza como perciben ambos os sexos cuestións que van desde as criaturas ao que esperan da vida +Info

**Que o voso nome non se borre da historia** (ES) +Info

**Un «piquito"»do teu xefe: qué é o acoso sexual laboral e cómo está regulado** (ES) +Info

**Ata o moño de estereotipos, outra visión da historia da arte** (ES) +Info

**Non era o suficientemente home? Así triunfou (e desapareceu) o primeiro 'sex symbol' da publicidade** (ES) +Info

**Unhas 6 000 universitarias declaran ser vítimas de agresións sexuais en noites de festa** (ES) +Info

**A visión de The Guardian sobre as mulleres invisibles: cancelada pola historia, restaurada con coidado. Un novo libro sobre a primeira esposa de George Orwell examina cómo se borrou a vida de Eileen O'Shaughnessy** (EN) +Info

**O emprego feminino alcanza cotas históricas con máis traballadoras e menos amas de casa** +Info

**Nin rastro das mulleres nos plenos de 1 016 municipios de España onde só gobernan homes** +Info

**A violencia machista deixou a 39 menores de idade orfos no que vai de 2023**
Desde que se teñen rexistros, 416 menores atópanse en situación de orfandade por violencia de xénero e 49 foron asesinados +Info

**Que ensina Barbie sobre a masculinidade (e por qué está xenial pero non é suficiente)?** (ES) +Info

**Oes Siri, es feminista?** +Info

**Un achado constata que as mulleres ocupaban posicións de liderado na Idade do Cobre** +Info

**Igualdade organiza o comité anticrise para analizar os sete asasinatos de violencia machista de xullo** (ES) +Info

## DATOS

**Informe Global de Fenda de Xénero 2023** +Info

**Observatorio de Igualdade da UVigo** +Info

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** +Info

**Científicas en Cifras 2023** +Info

**Boletín Estatístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero** +Info

**Observatorio Igualdade Emprego** +Info
Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero** +Info
**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas** (EN) +Info

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** +Info

**Institucións sociais e índice de xénero** (EN) +Info

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** +Info

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo**
En Ourense e Vigo.

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres.
+Info

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20
  986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24
  988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí, 3º andar
  900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vitima** (nas tres cidades) Cita previa

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 +Info

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero** +Info

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** +Info´

**Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de violencia de xénero** (ES)+Info

**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** +Info

**Guía de actuación fronte á violencia machista** +Info

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** +Info

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** +Info

**Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero** +Info

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** +Info

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** +Info
Rúa Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.
Atención ás vítimas: 606 929 137.
Grupo de mulleres de Vigo que presta atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas da violencia de xénero.

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** Ano 2023

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** Ano 2023

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** Ano 2023

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** Ano 2023

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025** +Info

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** +Info

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** +Inf